



Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02 aytochantada@infonegocio.com e concellochantada@yahoo.es

INFORME DE NECESIDADE (ART. 28 LSP) PARA A SUBSTITUCIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SANGOÑEDO.

De acordo co establecido no artigo 28 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público "As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación. 2. As entidades do sector público velarán pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerán a axilización de trámites, valorarán a incorporación de consideracións sociais, ambientais e de innovación como aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e promoverán a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na presente Lei".

Xustifícase a necesidade e a idoneidade do contrato para o cumprimento dos fins institucionais do Concello polos seguintes motivos:

1. INTRODUCCIÓN

O Concello de Chantada pretende a substitución do pavimento de céspede artificial actualmente existente no terreo de xogo do campo de fútbol municipal de O Sangoñedo 105,00 m x 68,00 m. (7.140,00 m²), e a renovación do sistema de rega, aproveitando a infraestrutura existente, e mediante un sistema de retirada sustentable por medios mecánicos con aproveitamento de recheos.

Este Concello non conta con medios persoais nin materiais para acometer esta obra.

2. DESCRICIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

a) SITUACIÓN DA INSTITUCIÓN

Estas instalacións contan cun céspede artificial deportivo que, consecuencia dun notable desgaste derivado dun moi intensivo uso e do propio paso do tempo, aconsella a súa renovación para dotalo dunha superficie de céspede artificial de última xeración adaptada a novas normas e esixencias.

O estado do céspede na actualidade non permite un correcto desenvolvemento do xogo, podendo ser causa de danos e lesións nos xogadores.

b) MARCO NORMATIVO

A presente contratación rexerese pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O sistema de céspede artificial cumprirá cos parámetros de calidade a nivel biomecánico, de durabilidade e resistencia climática segundo os requirimentos



Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02 aytochantada@infonegocio.com e concellochantada@yahoo.es

da revisión FIFA FQC Requirements (Manual 2015 - full edition ou posterior), criterio de calidade FIFA QUALITY ou FIFA QUALITY PRO. Non se admitirán certificacións de produtos en base a anteriores manuais ou procedementos. Igualmente, o sistema de céspede artificial cumprirá cos criterios establecidos na UNE 15330-1:2008, Superficies deportivas. Superficie de herba artificial e punzonadas principalmente deseñadas para uso exterior. Especificacións para herba artificial.

En calquera caso, o sistema de céspede artificial deberá desenvolverse de acordo co Sistema de Xestión da I+D+i conforme coa norma UNE 166002:2006 en canto á investigación, desenvolvemento e innovación de tecnoloxías téxtiles para céspede artificial e materiais de fibras sintéticas para céspede artificial outorgado pola Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR).

O céspede artificial fabricarase de acordo cos sistemas de xestión de calidade previstos pola norma UNE EN ISO 9001:2000 en canto a deseño e produción de céspede artificial outorgado pola Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR)

O céspede artificial fabricarase de acordo cos sistemas de xestión de calidade ambiental previstos pola norma UNE EN ISO 14001 en canto a deseño, desenvolvemento, produción, comercialización e instalación de equipamento deportivo e céspede artificial outorgado pola Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR).

A marcame das liñas para fútbol 11 e para fútbol 7 deberán cumprir coa regulamentación de RFEF.

3. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do contrato proposto a substitución do pavimento de céspede artificial actualmente existente no terreo de xogo do campo de fútbol municipal de O Sangoñedo 105,00 m x 68,00 m. (7.140,00 m²), e a renovación do sistema de rega, aproveitando a infraestrutura existente, e mediante un sistema de retirada sustentable por medios mecánicos con aproveitamento de recheos.

4. ANÁLISE TÉCNICO

Os traballos consistirán en:

Desmante, retirada e provisión en obra de equipamento deportivo (porterías fútbol 11 e 7) para a súa posterior instalación.

Desmante e retirada de céspede artificial existente por medios especializados e mecánicos mediante a utilización de maquinaria específica para desmante de campos de fútbol de céspede artificial. Previamente procederase de xeito mecánico ó corte dos rolos de ancho 2 m. e lonxitude equivalente á anchura do terreo de xogo.

Extraerase mecanicamente o granulado de caucho e o recheo de area para a súa posterior utilización. As tiras de céspede, unha vez limpas de recheo, serán enroladas de forma uniforme de xeito que se facilite a súa posterior utilización.

Provisión, transporte e posta a disposición do Concello de Chantada dos rolos de céspede artificial retirado nas dependencias municipais, ou xestión do mesmo en vertedoiro autorizado conforme a normativa, segundo criterio da Dirección Facultativa. Os materiais sobrantes da retirada, deberán ser xestionados en vertedoiro autorizado.



Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02 aytochantada@infonegocio.com e concellochantada@yahoo.es

A Dirección Facultativa solicitará certificado de xestión dos devanditos residuos. Este requisito será imprescindible para a entrega final da obra e posterior pago da mesma. Antes de proceder a colocación do novo sistema de céspede artificial, procederase á limpeza da superficie de aglomerado asfáltico, mediante varredora e verificarase a correcta planeidade da mesma, procedendo á reparación dos defectos, vultos e hondonadas perceptibles no firme a máis de 1m. de distancia. Consta a existencia dalgún defecto na superficie do campo, polo que o licitador deberá revisar adecuadamente as instalacións para axustar a súa oferta á situación real observada. Posteriormente procederase á retirada dos canóns de rega en altura existentes, así como as electrovalvulas, se fose necesario, para substituílos por canóns de rega emerxentes.

Unha vez instalado o novo sistema de rega, e verificados os correctos estados, pendentes e planeidad da capa soporte de aglomerado asfáltico, instalarase o sistema de céspede artificial de última xeración para a práctica de fútbol 11 e 7, composto por:

- Base elástica composta de espuma de poliolefina reticulada de célula pechada dun mínimo de 10 mm. de espesor, cunha absorción de impacto mínima do 33 % e deformación vertical de 6,9 mm.
- Céspede artificial de última xeración para a práctica de fútbol fabricado mediante sistema TUFTING, nunha máquina de galga 5/8" con mínimo de 14 Punt/dm, resultando 8.700 punt/m², con filamentos do céspede en verde bicolor de 45 mm de altura e mínimo de 14.000 Dtex e 140.000 filamentos/m²
- O céspede combinará monofilamentos de estrutura semicóncava e, polo menos, tres nervios de reforzo con espesor mínimo de 400 micras e 8000 dtex, con monofilamentos de estrutura recta e un nervio de reforzo de, polo menos, 250 micras de espesor e 6.000 dtex. Todas as fibras serán monofilamento e estarán fabricadas con Polietileno (PE) 100 % e aditivos específicos anti UV. Peso mínimo de fibra 1.245 grs/m². Non se admitirán sistemas que combinen fibras fibriladas e monofilamento ou un tipo único de monofilamento.
- Backing ou basamento dotado de dobre capa de polipropileno, con peso mínimo de 215 grs/m². Revestimento en poliuretano (PU), en cantidade aproximada de 700 g/m² de poliuretano (PU). Resistencia ó arranque de entre 30-50 N. O revestimento en poliuretano garante idéntica resistencia ó arrancamento en condición seca e húmida, mellorando adicionalmente o comportamento da manta de céspede noutros aspectos. Considérase, por tanto, imprescindible o uso de poliuretano (PU) como ligante, non sendo admisibles outras alternativas como puidese ser o látex.
- Os rolos do céspede estenderanse ao ancho do terreo e a súa unión realizarase mediante a aplicación de cinta de unión geotextil impermeable de 300 mm. de anchura sobre a que se aplicará adhesivo de poliuretano (PU) bi-compoñente obténdose unha mellor relación de adhesión co poliuretano aplicado na parte inferior do rolo do céspede. Posteriormente realizarase a marcaxe das liñas de xogo. Estas liñas deben ter as mesmas características que o céspede do resto do campo e serán de cor branca para a marcaxe do campo de fútbol 11 e en cor amarela ou azul (a decidir pola Dirección Facultativa) para os de fútbol 7. A anchura será de 10 a 12 cm., para o campo de fútbol 11 e de 7 a 7,5 cm. para os de fútbol 7. En todo caso deberán cumprir coa regulamentación de RFEF.



Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02 aytochantada@infonegocio.com e concellochantada@yahoo.es

- Unha vez instalado, procederase a estender, como capa inferior, o mix de recheo extraído do sistema de céspede orixinalmente retirado, composto por area de sílice e granulado de caucho.
- Como capa superior, e acabado superficial, realizarase un estendido de granulado de caucho SBR, cor negra, granulometría entre 0,5/2,5 mm, na proporción que se estime necesaria para superación dos parámetros segundo a Norma UNE EN 15330-1, (superficies de céspede artificial para fútbol), e FIFA Quality e FIFA Quality Pro Concept for Football Turf, segundo revisión de manual 2015 ou posterior. Non serán válidas certificacións FIFA conforme a anteriores procedementos.
- Cinta de unión e Adhesivo de pegado: Para a realización das unións utilízase fibra geotextil impermeable dunha anchura aproximada de 30 cm. O adhesivo será de resinas de poliuretano bicomponente.
- Bandas de Marcaxe: Terán as mesmas características que o céspede do resto do campo e serán en cor branca para a marcaxe do campo de fútbol 11 de anchura entre 10 a 12 cm, e de cor azul ou amarelo, a elección da DF, e anchura de 8 cms, para as posibles marcaxes de fútbol 7 transversais.

5. ANÁLISE ECONÓMICO

CONCEPTO	IMPORTE
Orzamento de execución material.	197.914,50
13,00% Gastos xerais	25.728,88
6,00% Beneficio industrial	11.874,87
Suma	235.518,25
I.V.A. 21,00%	49.458,83
Orzamento de Execución por contrata	284.977,08

Ascende o orzamento de execución por contrata á expresada cantidade de DOUSCENTOS OITENTA E CATRO MIL NOVECENTOS SETENTA E SETE EUROS CON OITO CÉNTIMOS.

O Concello de Chantada recibiu unha subvención ó abeiro PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

6. ANÁLISE DO PROCEDIMENTO

Co fin de garantir a maior concorrencia pública, o procedemento máis idóneo para a licitación e posterior contratación das obras obxecto do contrato é o procedemento aberto,

Asdo. Data da Sinatura dixital
O Alcalde. Don Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.